



APARTADO G

APARTADO G

ESTRATEGIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVA LEADER2023-2027

📍 Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
 ☎ 988 442 535 | 604 026 618
 ✉ coordinadora@limia-arnoia.gal

📍 Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
 ☎ 604 028 453
 ✉ técnico@limia-arnoia.gal

📍 Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
 ☎ 988 688 779 | 604 027 382
 ✉ administración@limia-arnoia.gal

G. Propostas de proxectos piloto.

G.1. PROPOSTA 1.

G.1.1 Denominación e breve xustificación do proxecto.

Táboa 33: Denominación

Centro de Transformación ecolóxico do Arnoia e o Limia

Táboa 34: Breve xustificación

O centro de transformación ten como finalidade a posta en valor da materia prima producida nos concellos que constitúen o GDR Limia-Arnoia. Neste centro transformaranse hortalizas, froitas, carne de ruminantes, zumes, ovos e mel.

G.1.2 Identificación da entidade tractora proposta e outras posibles entidades participantes.

Táboa 35: Entidade tractora

Denominación	GDR Limia Arnoia
Datos de contacto	Eva González
Sector e actividades	Grupo de Desenvolvemento rural Limia Arnoia

Táboa 36: Outras entidades participantes:

Colaboración Público/Privada	Si	2	Non	
	x			
Entidade 1. Concello de Allariz				
Denominación	Concello de Allariz			

Datos de contacto	Bernardo varela
Sector e actividades	- Entidade local

Entidade 2	
Denominación	Fundación Ramón González Ferreiro
Datos de contacto	Anxo Quintana
Sector e actividades	Fundación privada con fins agrarios, CEA O rexo

Entidade 3	
Denominación	Reserva da Biosfera Area de Allariz
Datos de contacto	Cristina Fernández Cid
Sector e actividades	Asociación para o desenvolvemento do medio rural da reserva da biosfera area de Allariz

G.1.3. Motivación do carácter innovador do proxecto.

Táboa 37: Descrición da innovación

Tipo de innovación	Descrición e xustificación
1. Produto	Poñeranse en valor as materias primas producidas nos concellos do GDR, a través da súa transformación o que permitirá aumentar o valor engadido dos mesmos.
2. Procesos	Transformación artesanal, o que implica un menor consumo enerxético ao depender en menor medida de maquinaria industrial.

	Este centro será pioneiro na súa forma de traballar sendo para produtores profesionais e ecolóxicos.
3. Comercialización	Os produtores terán a posibilidade de transformar a materia prima nun alimento cun valor engadido maior ca venda dos produtos sen elaborar. Dado o lugar de localización tería a posibilidade de certificar os seus produtos como “RESERVAS DA BIOSFERA” Un centro no que se elaborará para pequenos produtores e deseñará marcas propias co obxectivo de poñer produto de calidade no mercado.

G.1.4. Ámbito xeográfico de actuación

Táboa 38: Municipios e núcleos (Nº)	
Nº de municipios (total)	25

G.1.5. Obxectivos a conseguir:

Táboa 40: Obxectivos xerais
Que os produtores teñan a oportunidade de transformar a materia prima que eles producen no territorio.

Táboa 41: Obxectivos específicos
1. Aumentar o valor engadido de produtos transformados 2. Aumentar as vendas dos produtos frescos a través da súa transformación. 3. Fomento da produción ecolóxica, xa que o centro de transformación so transformará materia prima ecolóxica.

G.1.6. Actividades propostas:

Táboa 42: Listaxe de actividades	
Actividade	Descrición e xustificación
1. Desenrolo da idea básica do proxecto	Estudo previo da idoneidade da idea para chegar a ser un proxecto piloto
2. Reunións con produtores e recollida de información	Reunión cun grupo de produtores. Recollida de datos de posible produción que se vai a poder elaborar, tipo de produto e elaboracións máis comúns para esas materias primas.
3. Deseño do centro e as súas características	Estudouse un deseño do centro ca premisa primaria de evitar contaminacións cruzadas moi importante neste centro pola diversidade de produtos, procedencias e múltiples usuarios do mesmo.
4. Discusión da proposta de centro e elaboración de prego de utilización do centro	Posta en común cos posibles usuarios e discusión sobre o seu funcionamento (como priorizar a utilización do centro, en épocas de elevada demanda, etc.)
5. Redacción dun anteproxecto	Elaboración dun documento técnico (obra civil)

Táboa 43: Descrición das actividades enumeradas		
Actividade	Calendario	Participantes
1.	Ata novembro de 2022	GDR, Hai lareca , Horta Moixo, Mimá, Rodríguez - Vidal, Iago e Raquel, O Rego de Coedo, Héctor e

		Manola,Hai Lareca, Mimá, Abellas Hainas
2.	Novembro de 2022	GDR, Hai lareca , Horta Moixo, Mimá, Rodríguez - Vidal, Iago e Raquel, O Rego de Coedo, Héctor e Manola,Hai Lareca, Mimá, Abellas Hainas, Agronovo Ecoloxía SL
3.	Decembro de 2022	Agronovo Ecoloxía SL
4.	Xaneiro de 2023	GDR, Hai lareca , Horta Moixo, Mimá, Rodríguez - Vidal, Iago e Raquel, O Rego de Coedo, Héctor e Manola,Hai Lareca, Mimá, Abellas Hainas, Agronovo Ecoloxía SL
5.	Xaneiro a marzo de 2023	Agronovo Ecoloxía SL

G.1.7. Resultados esperados, posibles beneficiarios e impacto no emprego :

Táboa 44: Descrición dos resultados esperados		
Resultado 1		
Descrición	Comercialización duns alimento con maior valor engadido	
Beneficiarios	Produtores primarios do territorio de GDR	
Impactos esperados	Facturación (€)	1.360.500
	Empregos (Nº)	8
Outra información de interese		

Resultado 2		
Descrición	Incrementar o número de produtores	
Beneficiarios	Habitantes do territorio ou posibles produtores que atopen terreo agrícolas no territorio	
Impactos esperados	Facturación (€)	250.000
	Empregos (Nº)	10
Outra información de interese		

G.1.8. Incidencia do proxecto sobre determinados sectores da poboación

Táboa 45: Incidencia do proxecto sobre sectores poboacionais	
Mulleres	Alternativa laboral e/ou complemento para a renda individual ou familiar
Mocidade	Alternativa laboral e/ou complemento para a renda individual ou familiar
Outros colectivos	Persoal maiores de 40, non considerados mozos, que permitirá ter unha alternativa de ingresos, ou profesionalización dentro do sector.

G.1.9. Impacto na mellora do ambiente e na valorización dos recursos naturais

Neste epígrafe cómpre facer unha distinción entre os efectos positivos e os negativos. Ambos deben ser considerados (poden existir a mesmo tempo). Na medida do posible sería recomendable ter unha valoración económica dos dous casos xunto coa redución estimada de toneladas de CO2 como resultado do proxecto

Táboa 46: Efectos medioambientais

📍 Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
☎ 988 442 535 | 604 026 618
✉ coordinadora@limia-arnoia.gal

📍 Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
☎ 604 028 453
✉ técnico@limia-arnoia.gal

📍 Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
☎ 988 688 779 | 604 027 382
✉ administración@limia-arnoia.gal

Positivos	Maior produción de cultivos os cales repercuten nun maior uso de terras abandonadas. Isto implica unha maior captación de CO ₂
Negativos	
Cuantificación económica	

G.1.10. Orzamento necesario e solvencia económica

Táboa 47: Orzamento e prazo de execución	
Orzamento (€)	411.740
Prazo de execución	12-18 meses
Ingresos esperados (€)	45.000
Custos de explotación (€)	30.000
Axudas solicitadas (€)	205.870
% do grao de apoio público	50

Táboa 48: Solvencia económica	
Prazo de recuperación (pay-back) anos	8,30
Valor Actual Neto (VAN)	10.836,51
Taxa Interna de Retorno (TIR)	1,74

G.1.11. Sostibilidade financeira

Táboa 49: Sostibilidade financeira	
Ratio “Nº empregos xerados / investimento necesario (orzamento)” (Cálculo ou estimación)	0,000044

📍 Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
☎ 988 442 535 | 604 026 618
✉ coordinadora@limia-arnoia.gal

📍 Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
☎ 604 028 453
✉ técnico@limia-arnoia.gal

📍 Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
☎ 988 688 779 | 604 027 382
✉ administración@limia-arnoia.gal

G.1.2 Denominación e breve xustificación do proxecto.

Táboa 1: Denominación

Aterra. Unha iniciativa do Grupo de Desenvolvemento Rural Limia Arnoia que ten como obxectivo impulsar novos proxectos agrarios no territorio no que traballa.

Táboa 2: Breve xustificación

Unha iniciativa que pon o foco na demanda de terras agrarias dende a base, en colaboración coa rede de axentes locais do sector agrario detectada unha demanda real de terra agraria, e en moitos caso de difícil acceso.

O GDR como soporte técnico e de acompañamento na negociación entre demandantes e persoas propietarias, a tecnoloxía e a comunicación como ferramentas e a rede local "o boca a boca" como a clave do éxito.

G.1.2 Identificación da entidade tractora proposta e outras posibles entidades participantes.

Táboa 3: Entidade tractora

Denominación	GDR10 LIMIA ARNOIA
Datos de contacto	EVA GONZALEZ
Sector e actividades	GRUPO DE DESNEVOLVEMENTO RURAL

Táboa 4: Outras entidades participantes:

Colaboración Público/Privada	Si	X	Non	
Entidade 1				
Denominación	ASOCIACIÓN DE AGRIVULTORES E GANDEIROS DA LIMIA			
Datos de contacto	Maite Joga			

Sector e actividades	Sector agrario
----------------------	-----------------------

Entidade 2	
Denominación	Asociación de pataqueiros da Limia
Datos de contacto	Amador Díaz
Sector e actividades	Produtores de pataca

Entidade 3	
Denominación	25 concellos do GDR
Datos de contacto	Gumersindo Lamas Alvar
Sector e actividades	Entidade pública

Entidade 3	
Denominación	OACs
Datos de contacto	Oficinas agrarias do territorio
Sector e actividades	- Oficinas de Allariz, Bande, Xinzo de Limia e Maceda



Que é Aterra

Aterra é unha iniciativa do Grupo de Desenvolvemento Rural Limia Arnoia que ten como obxectivo impulsar novos proxectos agrarios no territorio no que traballa.

Ideas forza

- Aterra é unha **iniciativa innovadora** que nace da base para chegar ao cume. Tiramos proveito da **innovación tecnolóxica** e creamos un **servizo innovador** para chegar ás persoas que queiran desenvolver un proxecto agrario. É unha proposta rural e local e boa parte do traballo de innovación desenvolverase por parte dos axentes implicados.
- **O obxectivo** é dinamizar o territorio do GDR Limia-Arnoia, recuperar unha parte da produción agraria abandonada e contribuír a facilitar o acceso á terra agraria.
- **Queremos conectar persoas** demandantes de terra para a creación ou ampliación dun proxecto agrícola ou gandeiro, con persoas propietarias de terras ou empresas en funcionamento, interesadas nunha cesión, aluguer ou venda. Apoiámonos na tecnoloxía, chegamos a través da comunicación e do márketing e conseguimos que funcione co traballo que desenvolvemos os axentes do territorio Limia-Arnoia.

📍 Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
☎ 988 442 535 | 604 026 618
✉ coordinadora@limia-arnoia.gal

📍 Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
☎ 604 028 453
✉ técnico@limia-arnoia.gal

📍 Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
☎ 988 688 779 | 604 027 382
✉ administración@limia-arnoia.gal

- O GDR afronta **falta de xestión das parcelas agrarias**, motivada polo abandono do rural ou o minifundismo, entre outros motivos, como centro da iniciativa e dende unha perspectiva local.
- O GDR afronta a **demanda de terra agraria** partindo dunha realidade territorial diversa (o territorio acolle producións variadas) que pode adaptarse ás necesidades das persoas que demandan terras para proxectos novos ou xa existentes.
- É o primeiro proxecto de xestión de terras a nivel comarcal que se vai implementar partindo da base, elaborado con e para o sector agrario, e pensando no ben da sociedade e no coidado do medio.
- **Como xorde Aterra?** Aterra é unha consecuencia do Plan do Sector Agrario da Limia. Deseñado co sector e para o sector, co apoio e a colaboración de axentes públicos e privados. Aterra xorde do GDR, das entidades que forman parte e do seu equipo técnico.
- **Quen participa?** O GDR Limia-Arnoia como promotor e eixo dunha iniciativa na que participan oficinas agrarias comarcais, asociacións agrarias profesionais e universidade.
- **Aterra é unha proposta para 25 concellos da provincia de Ourense**, das comarcas de Allariz-Maceda, A Limia, Baixa Limia e Terras de Celanova.
- **Por que escollemos o nome de Aterra?** Inclúe a palabra *Terra*, 'Extensión delimitada da superficie terrestre susceptible de estar dedicada a unha certa actividade'. Pola súa parte *Aterrar* é 'Aparecer, asentarse nun sitio'.
- **En que fase estamos?** O GDR Limia-Arnoia diseña o modelo, hoxe pono en funcionamento co obxectivo de, dentro dun ano, dispoñer dunha metodoloxía de traballo que poida ser replicable noutras comarcas.

Como imos traballar?

- **Análise do uso, ocupación e aptitude do territorio rural:** mapa de usos actuais do solo, caracterización estrutural e produtiva do sector agrogandeiro, delimitación das zonas de mellor aptitude para algúns cultivos, etc.
- **Identificación de áreas con maior demanda de terra agraria** dentro do noso territorio.
- **Identificación de parcelas dispoñibles** para aluguer ou venda e de negocios que se atopen na súa última fase e estean dispoñibles para aluguer, traspaso ou venda.

- **Identificación de axentes económicos interesados na xestión das terras agrarias.**
- **Contamos cun visor, dispoñible en aterra.gal, deseñado a medida deste territorio.** Visual e sinxelo, pensado para que poida ser empregado por unha maioría de usuarios/as. A tecnoloxía permitirá conectar de maneira simple as persoas demandantes de terra e as persoas que ofrecen terras ou proxectos en marcha.
- **Queremos facilitar o acceso, sen procesos administrativos,** e facer un intenso traballo de campo para conectar persoas que demandan e persoas que ofrecen terras.
- Desenvolveremos unha **campaña de comunicación e márketing** que teña como obxectivo chegar a calquera persoa que queira desenvolver ou ampliar un proxecto agrario no territorio. A través da creación de contidos de calidade e da difusión da iniciativa a través de canles que nos conecten coas persoas interesadas.
- Recolleremos e ordendaremos toda a información e peticións que nos cheguen a través da páxina web, das OACs, dos concellos, consultas directas, etc.
- **Acompañamento** no proceso de cesión, aluguer ou venda, e no proceso de creación do novo negocio.
- Para o desenvolvemento de Aterra traballará o equipo técnico do GDR e contaremos cunha persoa adicada exclusivamente ao proxecto.
- Axudaremos ás persoas emprendedoras achegando as **posibilidades de financiamento** a través do GDR, das oficinas agrarias e doutras entidades públicas e contribuíndo na súa xestión.

Conclusión

O GDR Limia Arnoia, no marco do deseño dunha estratexia de desenvolvemento local, está a analizar a situación actual do uso e xestión do territorio nas comarcas de Allariz-Maceda, A Limia, Baixa Limia e Terras de Celanova. Este traballo e a chegada dos fondos do Programa Leader para o período 2023-2027, deben supoñer unha oportunidade para o aproveitamento dos nosos recursos, a creación de emprego e o desenvolvemento sostible do noso territorio.



aterra, una aposta
do GDR Limia Arnoia pola
dinamización agraria
do noso territorio.



Terra ‘Extensión delimitada da
superficie terrestre susceptible de
estar dedicada a unha certa actividade’.

Aterrar ‘Pousar en terra’, ‘Aparecer,
asentarse nun sitio’.

📍 Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
☎ 988 442 535 | 604 026 618
✉ coordinadora@limia-arnoia.gal

📍 Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
☎ 604 028 453
✉ técnico@limia-arnoia.gal

📍 Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
☎ 988 688 779 | 604 027 382
✉ administración@limia-arnoia.gal

Que é aterra?

Unha iniciativa innovadora que ten como obxectivo **impulsar novos proxectos agrarios no territorio**. Queremos recuperar unha parte da produción agraria abandonada e conectar persoas propietarias de terras con persoas demandantes de terras para o desenvolvemento ou ampliación do seu negocio.



Como?

Poñendo en contacto a oferta e a demanda de terras.



📍 Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
☎ 988 442 535 | 604 026 618
✉ coordinadora@limia-arnoia.gal

📍 Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
☎ 604 028 453
✉ técnico@limia-arnoia.gal

📍 Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
☎ 988 688 779 | 604 027 382
✉ administración@limia-arnoia.gal

**GDR**

Equipo técnico
actual

Nova
Contratación

FERRAMENTAS

Tecnolóxicas

Comunicación

REDE

Rede
de axentes
locais



www.atterra.gal



Entidades colaboradoras	Neste proxecto colaboran, ademais do GDR Limia Arnoia, a Universidade de Santiago de Compostela, Oficinas agrarias comarcais de Allariz, Maceda, Xinzo de Limia e Bande, Concellos do territorio Limia Arnoia, Asociación de produtores, agriculturas e gandeiros do territorio. ADEGAL, Asociación de pataqueiros e conselles reguladores, IXP e INORDE.
-------------------------	---

📍 Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz
☎ 988 442 535 | 604 026 618
✉ coordinadora@limia-arnoia.gal

📍 Praza das Pitas, 4 32800 Celanova
☎ 604 028 453
✉ técnico@limia-arnoia.gal

📍 Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia
☎ 988 688 779 | 604 027 382
✉ administración@limia-arnoia.gal

Innovación	Aterra é un proxecto no que os diferentes axentes do territorio se organizan para crear un novo servizo ao sector agrario (extensivo a todos os propietarios de terra) co obxectivo de recuperar terras abandonadas, empregando a tecnoloxía SIX e o marketing. A innovación vén da man: participación social, novas tecnoloxías, marketing aplicado á xestión de terras e a temática en si e innovación (a primeira proxecto piloto de xestión de terras a nivel comarcal)
Obxectivo	Proxecto que pretende afrontar a falta de xestión das parcelas agrarias (motivado por varias cuestións, pero destacando o modelo de propiedade, minifundio, e o abandono rural) como centro de noso proxecto e afrontámolo dende una perspectiva local e de aplicación en todo o territorio do GDR. Obxectivos do proxecto: Mobilización de terras agrarias para dar resposta á demandas do sector no territorio Limia Arnoia (Ourense). Obxectivo específico: Conectar a oferta e a demanda de terra agraria a través de ferramentas tecnolóxicas e de participación social. Identificar as mellores áreas de produción e os cultivos que se adapten a esas terras.
Accións	Para acadar estes obxectivos pretendemos crear dúas ferramentas dixitais: - <u>Consolidar o equipo técnico do GDR e poñelo ao servizo dos demandantes de terras.</u> - <u>Deseñamos do visor e portal web para a dinamización da terra agraria en Limia-Arnoia. Aterra.gal</u>

	<u>Consolidar a rede de axentes “boca a boca” que enriquezan o visor e polo tanto a iniciativa</u> Consultar información territorial relevante para produtores e xestores de terras agrarias, actuais e futuros. Comunicar / anunciar ideas de proxectos o iniciativas de aproveitamento agrogandeiro nunha ubicación concreta. Comunicar / anunciar superficies ou parcelas dispoñibles para a cesión (en diferentes formas) Comunicar / anunciar explotacións agrogandeiras dispoñibles para a cesión (en diferentes formas) Facer consultas dos elementos anteriores <u>Deseño</u> Definición do modelo de datos incluído que entidades e variables se van modelar como elementos do visor e cales como atributos dos distintos elementos. Selección de tipos xeométricos a empregar (modelado como punto liña ou polígono de cada elemento) e tipos de datos informático (cadeas de texto, numéricos, de data, booleanos, etc) se empregarán para almacenar cada atributo. Estudio y listado da accesibilidade de cada capa e que fontes se utilizarán para subministralas. Fases: Instalación Configuración Páxina de inicio do visor <u>Implementación app (versión app móbil do visor)</u> A app será una versión simplificada das funcionalidades básicas do visor (ofertar/demandar, terras/explotacións) co mesmo listado de
--	--

	capas e posibilidade de edición gráfica de novos elementos pero con menús e opcións de visualización reducidos.
Transición ecolóxica	Despois de 6 anos traballando no territorio do GDR Limia Arnoia concluímos que non hai rural vital sen actividade agraria, polo tanto damos un paso atrás nos eixos centrais do desenvolvemento e do LEADER para coller pulo, facendo un esforzo na consolidación do sector agrario para ao mesmo tempo traballar nos servizos e outras actividades. O abandono do medio rural que nos toca xestionar e a contaminación das augas da Limia marcan claramente esta EDL na busca dunha xestión e planificación do territorio para dirixila a unha SECTOR AGRARIO SOSTIBLE.
Beneficios e incidencia no medio	Recuperación de terras Creación de emprego Contribuír ao asentamento poboacional Control e incendios forestais
Orzamento	60.000 € cun prazo de execución de ano e medio

📍 **Rúa Portelo, 4 2º andar 32660 Allariz**
☎ 988 442 535 | 604 026 618
✉ coordinadora@limia-arnoia.gal

📍 **Praza das Pitas, 4 32800 Celanova**
☎ 604 028 453
✉ técnico@limia-arnoia.gal

📍 **Avda. Ourense, 19 32630 Xinzo de Limia**
☎ 988 688 779 | 604 027 382
✉ administración@limia-arnoia.gal